



BASES REGULADORAS DO PREMIO LIBERACIÓN DE MARÍN

O Liceo Casino de Marín inicia en 1976 a celebración da efeméride da Liberación de Marín, un exemplo de loita popular levado a cabo polas "Alarmas do Morrazo" o 4 de abril de 1809, guiadas por Juan Gago de Mendoza contra as tropas francesas.

Dentro desa conmemoración, créase o **Premio Liberación de Marín**, destinado a recoñecer a persoas ou entidades que realizaran achegas significativas á historia e desenvolvemento de Marín.

A Asociación ADEMAR foi a encargada do outorgamento deste distintivo ao longo de toda a súa historia ata o ano 2024, cando é cedida a súa xestión ao Concello de Marín, que dende esa data é a institución responsable da súa continuidade.

Deste xeito, desde a Concellería de Cultura establécense as seguintes **BASES REGULADORAS** para o outorgamento do Premio Liberación de Marín.

ARTIGO 1.- PERSOAS CANDIDATAS

Este premio ten como obxectivo homenaxear e recoñecer a aquelas persoas ou entidades que, a través das súas accións, obras ou compromisos, contribuíran significativamente á historia, cultura, ou benestar da veciñanza de Marín.

De xeito concreto, homenaxearase a aquelas persoas ou entidades que:

a) Teñan realizado actividades no ámbito xeral da cultura, a educación, a ciencia ou a investigación, coas que se contribúe a incrementar o patrimonio cultural do municipio, ou no ámbito da industria e da empresa, favorecendo o progreso local.



- b) Teñan acreditada a promoción de valores humanos que estean na liña dunha sociedade xusta, integradora, inclusiva, con perspectiva de xénero, solidaria, altruísta e que fomenta o coidado do entorno e a protección medio ambiental.
- c) Teñan traxectorias profesionais e laborais claramente salientables na defensa dos valores do traballo e da empresa e o emprendemento.
- d) Traballar na promoción e o desenvolvemento dos valores e intereses turísticos de Marín.
- e) Acadar méritos na realización e promoción de toda clase de actividades deportivas

ARTIGO 2.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

Poderán presentar candidaturas calquera asociación, institución, entidade ou colectivo do municipio de Marín, sen que poida ningunha delas propoñerse a ela mesma nin a unha persoa física que forme parte da súa directiva.

As propostas serán presentadas a través da Sede Electrónica do Concello de Marín, onde se habilitará un formulario tipo de presentación e onde haberá que adxuntar unha memoria xustificativa da proposta, coa máxima información relativa ao por que da proposta.

As persoas físicas ou xurídicas propostas deberán sempre ter coñecemento da súa candidatura previamente á presentación.

ARTIGO 3.- XURADO

O xurado encargarse da selección das persoas físicas ou entidades ganadoras en base ás propostas recibidas e estará composto por:

- **Presidente/a:** A Sra./Sr. Alcalde/sa do Concello de Marín ou Concelleiro/a en quen delegue, con voz e voto de calidade.
- **Secretario/a:** Un/Unha funcionario/a do Concello de Marín (sen voz nin voto).



- **Membros:**

- Un/unha representante da Concellería de Cultura do Concello de Marín.
- Un/unha representante de cada un dos partidos políticos da Corporación.
- Dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural, histórico, turístico ou deportivo.

O xurado valorará as candidaturas en función de:

- A **relevancia** das accións realizadas polas persoas ou entidades candidatas.
- O **impacto social**, cultural ou económico das contribucións efectuadas.
- A capacidade das persoas ou entidades candidatas para servir como **exemplo de esforzo e dedicación** para a veciñanza de Marín.

Todos os membros do xurado tratarán de consensuar de maneira unánime o outorgamento dos premios. De non ser así, deberá chegarse á obtención dunha maioría cualifi cada de dous tercios.

ARTIGO 4.- CALENDARIO

- **Recepción de candidaturas:** dende o 15 de febreiro ata o 15 de marzo.
- **Reunión do xurado:** a celebrar dentro dos cinco días laborais seguintes ao peche da recepción de candidaturas, en horario a convenir segundo a dispoñibilidade dos membros do xurado.
- **Publicación da resolución:** ao día seguinte laboral da reunión do xurado, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Marín, na web e perfís ofi ciais nas redes sociais do Concello de Marín e nos medios de comunicación, a través da súa difusión en nota de prensa.
- **Celebración do Premio Liberación de Marín:** o 4 de abril, Día da Liberación de Marín.